

OS COTOS


XANEIRO
2025



B
O
N
A
D
A
L



B
O
2
0
2
5



227 Folla
informativa para
a comunidade
cristiá



ATENCIÓN DE CÁRITAS:

Dende cáritas de Os Cotos, se podemos,
axudamos a quen nos pida unha man.
Estamos no local da casa reitoral de Fornelos
os xoves día 9 e 23 de dez a doce da mañá.

"Un contiño para vivir"**"Dando a nota"**

Algo que noto con frecuencia cando cantamos no coro é o "efecto contaxio": cando cantamos "piano", abonda con que alguén dea o ton máis alto para que os demais, a pouco que permanezan á escoita, e case sen decatarse, eleven o ton ata empastar coa nota correcta.

Tamén pode suceder ao contrario: se algún dos compoñentes canta con moita forza e baixase o ton, arrastra aos que están ao arredor, a menos que alguén estea moi firme e seguro.

Que poder de empuxen ten unha única persoa;. É realmente impresionante, porque da mesma maneira, a nosa vida pode contaxiar ás persoas que viven ao noso lado, converténdose en potentes instrumentos para elevar ou baixar "o ton" das nosas relacións cotiás entre amigos, familia ou veciños.

Que sorte poder desfrutar das persoas que enchen de alegría un ambiente ou que se entregan gratuitamente aos demais; e que sorte ver como, co tempo, todos ao seu arredor ven, con naturalidade, esa entrega coma un gran valor;.

Tal vez será bo que empecemos a cantar, aínda que as veces desafinemos, afastando de nós o "non podo", ou " non son quen de facelo", ou " mellor o deixamos coma sempre".

A melodía da nosa vida pode que empece a cambiar cando creamos que somos quen de "dar a nota". Fagámolo neste 2025 que estamos a comezar.

Atopa o osiño diferente



O SANTO PARA O MES, en xaneiro, o día 2: EMMA

É un nome de orixe xermánica, procedente dunha forma correspondente ao antigo alto alemán Imma ou Emma, moi presente na onomástica alemá.

O seu significado alemán ten a súa orixe nos balbucidos dos nenos: "que ten graza".

Tivo este nome unha filla de Carlomagno. Santa Emma, no século XI, condesa de Friesach, parente de San Henrique II, despois de quedar viuva fundou o dobre mosteiro de monxas beneditinas de Gurk en Carintia (Austria) e viviu como unha monxa máis.

Emma foi o nome favorito da literatura romántica.

CONSELLO



"Con Deus a vida sempre estará
repleta de fermosas sorpresas"

COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



6 de Xaneiro: OS REIS MAGOS MELCHOR, GASPAR E BALTASAR



A palabra "mago" ven do persa Ma-Gu-u-Sha, significa sacerdote, referíndose a unha casta de sacerdotes persas ou babilonios que estudaban as estrelas, no seu desexo de buscar a Deus.

Foron tres reis Magos que viñeron das terras lonxanas a entregar presentes como ouro, incenso e mirra, para agasallar ao rei dos reis: Xesús de Nazaret.

Se di que eran monarcas de nacións do Oriente ao mediterráneo, sendo homes poderosos, sabios e nobres, xa que nos evanxeos da Biblia non se indican detalles sobre eles.

No evanxeo de Mateo: "Nacido Xesús en Belén de Xudea, en tempo do rei Herodes, uns magos que viñan de oriente, presentáronse en Xerusalén dicindo: onde está o Rei dos xudeus que naceu? Pois vimos a súa estrela no Oriente e vimos a adoralo".

Se queres saber máis, pregúntalle aos nenos, pois son os que máis saben dos Reis Magos.



O Papa Francisco: "Os ollos fixos no ceo"

"Necesitamos ter a mirada levantada, tamén para aprender e ver a realidade dende arriba. Necesitámolo no camiño da vida, para facernos acompañar da amizade do Señor, do seu amor que nos sostén, da luz da súa Palabra que nos guía como unha estrela na noite".

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE XANEIRO

DÍA 5	LECTURA	Ef 1, 3-6. 15-18	Non paro de dar grazas a Deus por vós
	EVANXEO	Xn 1, 1-5. 9-14	Na Palabra de Deus está a VIDA
DÍA 12	LECTURA	Feit 10, 34-38	Deus non fai distinción de persoas
	EVANXEO	Lc 3, 15-16. 21-22	Xoán bautizou a Xesús no río Xordán
DÍA 19	LECTURA	1 Cor 12, 4-11	Hai diversidade de dons e un mesmo Espírito
	EVANXEO	Xn 2, 1-11	Facede o que El vos diga. A auga volta viño.
DÍA 26	LECTURA	1 Cor 12, 12-30	Somos membros do corpo de Cristo
	EVANXEO	Lc 1, 1-4; 4, 14-21	Todos dicían moito ben de Xesús